

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE FORMACIÓN DAS UNIDADES E ÁREAS DIRIXIDAS AO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2022/2023

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 72 dos referidos estatutos, poderá ofrecerlle ao seu estudantado bolsas de formación para desenvolver actividades que contribúan á súa formación integral.

Vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro*, modificada pola *Lei 4/2007, do 12 de abril*, de universidades e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade.

Esta reitoría resolve

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, **22** bolsas de formación das unidades e áreas da Universidade de Vigo que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer un recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Manuel Joaquín Reigosa Roger



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS DE FORMACIÓN DAS UNIDADES E ÁREAS

1. OBXECTO

O obxecto da bolsa é fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula.

Convócanse **22** bolsas consonte a distribución do anexo II.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- Posuír nacionalidade española, dalgún outro país da Unión Europea, ou de países non comunitarios acreditando a condición de residente en España a 31 de decembro de 2021 (non é suficiente o permiso de estadía por estudos).
- Estar matriculado en centros propios da Universidade de Vigo no curso 2022/2023 e durante todo o período de duración da bolsa, nas titulacións de **Grao ou Máster que se sinalan no anexo II, no campus no que se opta á bolsa**. Para estes efectos terase en conta o estado da matrícula a día 21 de setembro de 2022
- No caso de matrícula en titulacións de Grao ter superados o **50% dos créditos dos estudos de Grao**. Para estes efectos terase en conta o último día establecido pola universidade para a presentación das actas de xullo que segundo o calendario académico é o 25 xullo.
- Cumprir os demais **requisitos específicos sinalados no anexo II**. Para estes efectos terase en conta que o último día establecido pola universidade para a presentación das actas de xullo segundo o calendario académico é o 25 xullo.
- Non gozar con anterioridade dunha bolsa de formación complementaria da Universidade de Vigo durante máis de **doce meses**, de forma consecutiva ou descontinua. O cómputo do tempo farase de data a data.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas cales conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

3. PLAN FORMATIVO

A) Obxectivos e competencias a adquirir: consonte o sinalado no anexo II.

B) Tutores/as responsables:

Os bolseiros/as estarán baixo a titoría das persoas sinaladas no anexo II, as cales se responsabilizan da formación impartida, do desempeño da actividade de colaboración e da orientación no desenvolvemento do plan formativo.

C) Seguimento e avaliación da formación:

O bolseiro/a deberá entregarlle á persoa titora unha memoria trimestral das actividades realizadas e unha memoria final de acordo co establecido no punto 10 desta convocatoria. Así mesmo deberá cumprir ao final do período formativo un cuestionario de satisfacción co programa realizado.



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

4. INCOMPATIBILIDADES

O desfrute da bolsa de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou co subsidio por desemprego.

Tamén será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada por calquera entidade pública ou privada para o mesmo período, e entre elas coa bolsa de colaboración cos departamentos universitarios do MEFP.

5. DURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PERÍODO FORMATIVO

A duración máxima do período formativo será de 8 meses e medio, non se iniciará antes do **17 de outubro de 2022 e finalizará o 30 de xuño de 2023**.

O número de horas de colaboración será de **de 15 horas semanais para as bolsas-15 e de 10 horas semanais para as bolsas-10**. Realizaranse tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico e a carga lectiva do bolseiro/a, quen poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación dun mes entre distintas semanas dentro do mesmo mes.

O desfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no *Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro*, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

As persoas bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non supón ningún compromiso de cara á posterior incorporación do bolseiro ou bolseira aos cadros de persoal da universidade.

6. DOTACIÓN E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas (achégase o correspondente certificado de crédito) ascenden a un máximo de 75.806,55€, a expensas dos posibles incrementos da cota patronal que se podan producir ao longo do período de execución das bolsas, con cargo a aplicación orzamentaria:

- 2022 0000 121D 482.11: 22.626,27€ (19.076,13€ pola dotación bruta das bolsas e de 3.550,14€ en concepto de cota patronal).
- 2023 0000 121D 482.11: 53.180,28€ (46.080,00€ pola dotación bruta das bolsas e de 7.100,28€ en concepto de cota patronal).

2. A contía individual será como máximo de 360€/mes para as bolsas de 15 horas e 240 €/mes para as bolsas de 10 horas. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza na normativa vixente nestas materias.

3. O pagamento realizarase por meses vencidos mediante unha transferencia á conta bancaria que sinala a persoa bolseira na súa solicitude e da que deberá ser titular. No caso de que non chegara a completarse o período da bolsa só se aborará a contía proporcional da bolsa correspondente ao período realizado, sempre e cando este sexa superior a 15 días; no caso contrario non se percibirá ningunha axuda.

Se a actividade desenvolva pola/o bolseira/o en cada mes non se corresponde coas condicións fixadas nesta convocatoria, e co fin de adecuar o pago á actividade real realizada nese mes, a persoa titora deberá emitir un informe no cal constará a actividade realizada e achegarao á Sección de Axudas e Bolsas antes do día 25 do mes en curso. No caso de non ter realizado ningunha das horas de dedicación nunha semana deberá notificarlo inmediatamente á Sección de Axudas e Bolsas.



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/9674, **descargalo e presentalo na Sede Electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, poñendo en **asunto** "*Bolsas formación unidades e áreas*", achegando unicamente o formulario coa solicitude. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

Así mesmo deberán **subir** o xustificante de presentación na Sede Electrónica á plataforma do Santander dispoñible na web <https://app.becas-santander.com/es/program/bolsas-formacion-en-unidades-e-areas-2022-2023>

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_registro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **26 de xullo de 2022** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. As persoas solicitantes establecerán unha orde de prioridade nas bolsas solicitadas que será vinculante.

Xunto coas solicitudes deberán subir ó formulario en liña (non hai que subir a documentación á Sede Electrónica) a seguinte documentación:

- Certificación académica dos estudos realizados no caso de que se realizasen nunha universidade distinta á de Vigo.
- Os documentos que correspondan en cada caso segundo os criterios de selección establecidos no anexo II:
 - Cursos relacionados co perfil formativo
 - Currículo
 - Documentación acreditativa doutros méritos establecidos no anexo II

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que sexa necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados.

8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos criterios específicos de cada bolsa sinalados no anexo II. Só se valorarán os méritos que se acrediten documentalmente referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/alguna dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

No caso de non adxudicárselle ningunha das opcións solicitadas pola persoa solicitante pasará a formar parte da listaxe de agarda coa puntuación que lle corresponda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, a listaxe de persoas con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, para producir os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

O estudantado con bolsa concedida deberá entregar a través da sede electrónica (e enviar unha copia a bolsasformacion@uvigo.es) no prazo de tres días desde a publicación da resolución definitiva a seguinte documentación para os efectos da alta na Seguridade Social:

- Modelo TA2 (Seguridade Social)
- Modelo 145 (IRPF)

A non presentación da documentación necesaria entenderase como renuncia á bolsa previa resolución.



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

A persoa bolseira presentarase no lugar, día e hora que lle indique a persoa titora mediante comunicación ao enderezo electrónico indicado na solicitude.

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas e o titor/a, cun mínimo de 15 días de antelación á data en que se fará efectiva a renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

10. OBRIGAS

Son obrigas das persoas bolsadeiras:

- Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo conforme ao establecido na convocatoria.
- Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

11. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que se puidesen impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para cumprir por aquela as obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente vulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>


FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

ANEXO II BOLSAS CONVOCADAS

CAMPUS OURENSE

Unidade	VICERREITORÍA DO CAMPUS
Tipo bolsa	Actividades culturais e deportivas (redes sociais) – 1 bolsas-15
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Competencias a adquirir:</p> <p>Elaboración de soportes de difusión: notas e documentos de prensa, informes e memorias anuais de actividades deportivas, e actividades culturais entre outros.</p> <p>Xestión do arquivo documental: a clasificación do arquivo de prensa, das accións comunicativas xeradas e do material gráfico distribuído.</p> <p>Xestión e actualización da web da Área de Benestar, Saúde e Deporte e actividades culturais: os contidos, a estrutura, a promoción, etc.</p> <p>Dinamización e elaboración de contidos nas redes sociais da Área de Benestar, Saúde e Deporte: Facebook, Twiter, Instagram etc.</p> <p>Dinamización e difusión do concepto de deporte saudable</p> <p>Xestión cos medios de comunicación: prensa diaria, revistas, radio, televisión e medios multimedia (Internet); envío de notas de prensa e de convocatorias para eventos (roldas de prensa, presentacións, etc.);</p> <p>Impulso do intercambio de experiencias culturais e deportivas entre distintas facultades.</p> <p>Fomento da participación activa en actividades interculturais positivas entre a comunidade universitaria</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a en:</p> <p>Grao en Traballo Social</p> <p>Grao en Educación Social</p> <p>Grao en Enxeñaría Informática</p> <p>Grao en Turismo</p> <p>Grao en Xeografía e Historia</p> <p>Mestrado en Xestión Empresarial do deporte</p>
Criterios específicos de selección	<p>Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no protocolo do sistema universitario galego establecido na Resolución de 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro) no caso de estudos de grao ou continuación de mestrado de mais de 60 créditos. Para o estudantado que inicia estudos de mestrado terase en conta a nota de acceso ó mesmo: máximo 4 puntos</p> <p>Nota media das materias superadas directamente vinculadas co plan formativo e sinaladas no anexo III para redes sociais: máximo 4 puntos</p> <p>$\text{Nota media exp.vinculado.} = \frac{\sum (\text{Calificación} \times \text{N}^\circ \text{ créditos / materia})}{\text{N}^\circ \text{ créditos totais}} + 0,11 \times \text{materias superadas}$</p> <p>Cursos relacionados co plan formativo: máximo 2 puntos</p> <p>Ao estudantado que teña concedida no curso 2021/2022 unha bolsa MEFP, unha bolsa</p>





CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213
 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
 FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

	comedor ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional
Comisión de selección	<p><i>Presidenta:</i> Elena Rivo López, Vicerreitora do campus de Ourense</p> <p><i>Vogais:</i></p> <p>Filemón Rivas Conde, xestor de actividades culturais Rodrigo Alberte Pivida, técnico especialista da Área de Benestar e Saúde Representante do sector de decanos/as e directores/as do Campus de Ourense Francisco Javier Rodríguez Martínez, representante do PDI María Remedios Lameiro Diéguez, representante do PAS Silvia Horjales Rodríguez, representante estudantado</p>
Titor/a	<p>Elisa Alén González, profesora da Facultade de Turismo Jose María Failde Garrido, Profesor da Facultade de Educación e Traballo Social</p>
Dedicación	<p>15 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

Unidade	OFICINA DE MEDIO AMBIENTE
Tipo bolsa	Medio Ambiente e natureza – 1 bolsas-15
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Competencias a adquirir:</p> <p>Educación e sensibilización ambiental, desenvolvendo como monitores/as as campañas de educación ambiental en distintos itinerarios ambientais.</p> <p>Conservación e promoción do medio natural e patrimonial.</p> <p>Elaboración de inventarios florísticos e faunísticos.</p> <p>Labores de erradicación e de control de especies invasoras.</p> <p>Recuperación de espazos degradados.</p> <p>Actuacións para diminuír os impactos ambientais.</p> <p>Recompilación dos datos e elaboración dos estudos da pegada ecolóxica e de carbono.</p> <p>Estudos de mellora e seguimento para a reutilización e a reciclaxe dos residuos producidos.</p> <p>Seguimento de consumos de recursos naturais.</p> <p>Sistemas de xestión ambiental.</p> <p>Estudo dos recursos hídricos subterráneos e superficiais dos campus, co fin do seu aproveitamento sustentable para regar e crear e o manter hábitats naturais.</p> <p>Desenvolvemento de campañas para fomentar o transporte eficiente e sustentable dende o punto de vista ambiental.</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado en:</p> <p>Grao en Ciencias Ambientais</p> <p>Grao en Enxeñaría Agraria</p> <p>Mestrado Universitario en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental</p>
Criterios específicos de selección	<p>Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no protocolo do sistema universitario galego establecido na Resolución de 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro) no caso de estudos de grao ou continuación de mestrado de máis de 60 créditos e nota de acceso para o estudantado que inicia estudos de mestrado: máximo 3 puntos</p> <p>Nota media das materias superadas directamente vinculadas co plan formativo sinaladas no anexo III para medio ambiente e natureza: máximo 4 puntos</p> <p>$\text{Nota media exp.vinculado.} = \frac{\sum (\text{Cualificación} \times \text{N}^\circ \text{ créditos/materia}) + 0,11 \times \text{materias superadas}}{\text{N}^\circ \text{ créditos totais}}$</p> <p>Cursos de formación relacionados co plan formativo: máximo 2 puntos</p> <p>Cursos/formación en informática, sistemas de información xeográfica: máximo 1 punto</p> <p>Ao estudantado que teña concedida no curso 2021/2022 unha bolsa MEFP, unha bolsa comedor ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional</p>



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

Comisión de selección	<i>Presidenta:</i> Delfina Couce Fortúnez, directora da Área de Xestión Ambiental <i>Vogais:</i> Sergio Ramos Felípez, técnico superior da Área de Xestión Ambiental José Carlos Caamaño Martínez, director de Área de Infraestruturas e PRL
Titor/a	José Eugenio López Periago, profesor Titular de Universidade
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

Unidade	ÁREA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL E COOPERACIÓN
Tipo bolsa	Responsabilidade social e igualdade – 1 bolsas-10
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Competencias a adquirir:</p> <p>Educación e sensibilización en materia de xénero para crear contornas de igualdade.</p> <p>Colaboración no desenvolvemento e no seguimento das accións do plan de igualdade</p> <p>Coñecementos, habilidades e actitudes que posibilitan a comprensión da responsabilidade social universitaria aplicando a Axenda 2030 e dirixida para satisfacer as esixencias organizativas da Universidade de Vigo.</p> <p>Habilidade para deseñar, xestionar e implementar tarefas de forma persoal.</p> <p>Capacidade para identificar, analizar e definir os elementos significativos que constitúen un problema para resolvelo con rigor.</p> <p>Destreza para empregar as Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) co propósito de comunicarse de xeito apropiado con persoas expertas e con públicos non especializados.</p> <p>Habilidade de aprendizaxe auto dirixida e traballo autónomo.</p> <p>Disposición polo traballo en equipo e compromiso pola calidade, responsabilidade e honestidade no desenvolvemento do traballo.</p> <p>Capacidade para pensar e actuar segundo os principios de carácter universal contidos na Axenda 2030 baseados no valor das persoas e do planeta.</p>
Requisitos específicos	Estar matriculado/a en calquera titulación de grao ou mestrado do campus de Ourense
Criterios específicos de selección	<p>Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no protocolo do sistema universitario galego establecido na Resolución de 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro) no caso de estudos de grao ou continuación de mestrado de mais de 60 créditos e nota de acceso para o estudantado que inicia estudos de mestrado: ata 6 puntos</p> <p>Nivel de inglés (só puntúa o superior): ata 2 puntos</p> <p>A2: 0,5 B1: 0,75 B2: 1 C1: 1,5 C2: 2</p> <p>Cursos de formación relacionados co plan formativo: ata 2 puntos</p> <p>Ao estudantado que teña concedida no curso 2021/2022 unha bolsa MEFP, unha bolsa comedor ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional</p>
Comisión de selección	<p><i>Presidenta:</i> M^a. Isabel Doval Ruíz, vicerreitora de Benestar, equidade e diversidade</p> <p><i>Vogais:</i></p> <p>Henar Quintas Salgado, directora da Área de Responsabilidade Social e</p>



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

	Cooperación Laura Movilla Pateiro, directora de Área de Internacionalización
Titor/a	Henar Quintas Salgado, directora da Área Responsabilidade Social e Cooperación
Dedicación	10 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

CAMPUS DE PONTEVEDRA

Unidade	VICERREITORÍA DO CAMPUS
Tipo bolsa	Actividades culturais e deportivas (redes sociais) – 1 bolsas-15
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Competencias a adquirir:</p> <p>Elaboración de soportes de difusión: notas e documentos de prensa, informes e memorias anuais de actividades deportivas, entre outros.</p> <p>Retoque fotográfico</p> <p>Xestión e actualización da web da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra</p> <p>Dinamización e elaboración de contidos nas redes sociais da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra</p> <p>Traballo en equipo</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a en:</p> <p>Grao en Publicidade e Relacións Públicas</p> <p>Mestrado en dirección de arte en publicidade</p> <p>Grao en comunicación Audiovisual</p> <p>Mestrado en comunicación en medios sociais e creación de contidos dixitais</p>
Criterios específicos de selección	<p>Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no protocolo do sistema universitario galego establecido na Resolución de 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro) no caso de estudos de grao ou continuación de mestrado de mais de 60 créditos e nota de acceso para o estudantado que inicia estudos de mestrado: max. 4 puntos</p> <p>Nota media das materias superadas directamente vinculadas coa función a desempeñar e que se sinalan no Anexo III para Redes Sociais: max. 4 puntos</p> <p>$\text{Nota media exp.vinculado.} = \frac{\sum (\text{Cualificación} \times \text{N}^\circ \text{ créditos/materia}) + 0,11 \times \text{materias superadas}}{\text{N}^\circ \text{ créditos totais}}$</p> <p>Cursos relacionados co plan formativo: ata 2 punto</p> <p>Ao estudantado que teña concedida no curso 2021/2022 unha bolsa MEFP, unha bolsa comedor ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional</p>
Comisión de selección	<p><i>Presidente:</i></p> <p>Eva María Lantarón Caeiro, vicerreitora do Campus de Pontevedra</p> <p><i>Vogais:</i></p> <p>Ana Belén Fernández Souto, profesora da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación</p>



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

	María Eulalia Agrelo Costas, profesora da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e directora da área de dinamización cultural, educativa e integración do campus de Pontevedra
Titor/a	María Eulalia Agrelo Costas, profesora da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

Unidade	OFICINA DE MEDIO AMBIENTE
Tipo bolsa	Medio ambiente e natureza – 1 bolsas-15
Obxectivos e competencias a adquirir	<p>Competencias a adquirir:</p> <p>Educación e sensibilización ambiental, desenvolvendo como monitores/as as campañas de educación ambiental en distintos itinerarios ambientais.</p> <p>Conservación e promoción do medio natural e patrimonial.</p> <p>Elaboración de inventarios florísticos e faunísticos.</p> <p>Labores de erradicación e de control de especies invasoras.</p> <p>Recuperación de espazos degradados.</p> <p>Actuacións para diminuír os impactos ambientais.</p> <p>Recompilación dos datos e elaboración dos estudos da pegada ecolóxica e de carbono.</p> <p>Estudos de mellora e seguimento para reutilizar e a reciclar os residuos producidos.</p> <p>Seguimento de consumos de recursos naturais.</p> <p>Sistemas de xestión ambiental.</p> <p>Estudo dos recursos hídricos subterráneos e superficiais dos campus, co fin do seu aproveitamento sustentable para regar e crear e manter hábitats naturais.</p> <p>Desenvolvemento de campañas para fomentar o transporte eficiente e sustentable desde o punto de vista ambiental.</p>
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a en:</p> <p>Grao en Enxeñaría Forestal</p> <p>Mestrado Universitario en dirección integrada de proxectos</p> <p>Mestrado Universitario en xestión e dirección de sistemas e tecnoloxías da información e as comunicacións e seguridade da información</p>
Criterios específicos de selección	<p>Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no protocolo do sistema universitario galego establecido na Resolución de 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro) no caso de estudos de grao ou continuación de mestrado de mais de 60 créditos e nota de acceso para o estudantado que inicia estudos de mestrado: máximo 3 puntos</p> <p>Nota media das materias superadas directamente vinculadas co plan formativo e sinaladas no anexo III para medio ambiente e natureza: máximo 4 puntos</p> <p><small>Nota media exp.vinculado.= $\frac{\sum (Qualificación \times N^\circ \text{ créditos/materia}) + 0,11 \times \text{materias superadas}}{N^\circ \text{ créditos totais}}$</small></p>



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

	<p>Cursos de formación relacionados co plan formativo: máximo 2 puntos</p> <p>Cursos/formación de informática, sistemas de información xeográfica: máximo 1 punto</p> <p>Ao estudantado que teña concedida no curso 2021/2022 unha bolsa MEFP, unha bolsa comedor ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional</p>
Comisión de Selección	<p><i>Presidenta:</i></p> <p>Delfina Couce Fortúnez, directora da Área de Xestión Ambiental</p> <p><i>Vogais:</i></p> <p>Sergio Ramos Felípez, técnico superior da Área de Xestión Ambiental</p> <p>José Carlos Caamaño Martínez, director de Área de Infraestruturas e PRL</p>
Titor/a	José Carlos Souto Otero, profesor Titular de Universidade
Dedicación	<p>15 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.</p>



CSV : GEN-7bd7-f9ce-5fea-ea4d-362e-34f9-13b1-b213

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 28/06/2022 09:19 | NOTAS : F

Unidade	VICERREITORÍA DO CAMPUS DE PONTEVEDRA
Tipo bolsa	Sala de exposicións – 2 bolsas-15
